

## **PREGUNTA DE AER SOBRE VÍA DE TREN DE CHAPELA**

PLENO 26 ABRIL 2012. ACTA 7/2012

Xa pasaron bastantes meses dende que presentamos no pleno unha moción onde se incluía a mellora da pasarela que cruza sobre a vía do tren en Chapela e que une a Rúa Cubillón coa Rúa José Fernández, máis coñecida como baixada a Pescanova. Noutro pleno posterior formulamos unha pregunta sobre este tema e, non hai moito tempo, nunha comparecencia do Sr. Alcalde volveuse a tratar.

As últimas informacións que temos din que non se sabe a quen corresponde o mantemento da pasarela. Pola nosa parte cremos que xa pasou tempo dabondo para que o teñan claro. **É por isto que dende AER atopámonos na obriga de formular as seguintes preguntas:**

- A quen pertence o mantemento desta pasarela?
- Se pertence ao Concello, cando pensan arranxala?

**O concelleiro Pazos Couñago dí que hai dúbidas sobre a quen lle corresponde o mantemento. Van a proceder a realizar melloras para acadar unhas condicións mínimas de seguridade.**